PLANIFICACIÓN da reportaxe

A reportaxe é un xénero xornalístico que permite ampliar e debullar o como e o por que dos feitos da noticia. Para preparala, imos apuntando as cuestións seguintes.

Tema da reportaxe: _____

Titulares atractivos posíbeis (con ambigüidade ou con algún recurso retórico ou con reformulación de títulos famosos):

_____

Contidos tomados das fontes de información.

a) Feitos e datos. Anotade todo o que sexa interesante, pero con expresión propia.

Da noticia	
Doutras fontes	

b) Declaracións. Anotade as palabras exactas e a autoría (para citar despois).

		Autor/a
De fontes escritas	- -	- -
De fontes orais (entrevistas)	- -	- -

Contidos obxectivos (circunstancias que, quen, cando, etc. ou unha declaración) que formarán parte da entrada:

_____

Aspectos do tema tratado que poden dar lugar a apartados específicos no corpo da reportaxe (mínimo, dous). En relación coas causas, coas consecuencias, con situacións particulares, con diferentes perspectivas, etc.

_____

Recurso para iniciar o corpo da reportaxe (revelación de algo oculto na noticia, narración dun caso persoal, algunha suposición intrigante, unha anécdota que ilustre o tema...):

_____

Postura do emisor (nosa) diante do tema (a favor de ou en contra de):

_____

Manifestación desa postura (algún recurso lingüístico de modalización: afirmacións coas perífrases HABER QUE + INF. ou DEBER + INF., adxectivos como *tremendo, indecente*..., adverbios como *lamentabelmente, afortunadamente*...):

_____

Material gráfico (como mínimo, unha imaxe con pé; se é posíbel, algunha gráfica propia):

contido da imaxe	
pé de foto	

COMPOSICIÓN do borrador da reportaxe.

Escribiremos o borrador atendendo as notas da planificación. Ordenaremos a información e as opinións recollidas e aplicaremos os recursos para organizar, captar a atención, citar e expresar opinión. Farémolo sobre o seguinte modelo.

Titular suxestivo nunha liña (en corpo 24)

A entrada: dúas ou tres liñas nas que se centra o tema con contidos obxectivos (que, quen, cando, etc. ou unha declaración). Explícase o sentido ou o interese da reportaxe. En negra e/ou cursiva. En corpo 12.

ORIXE: SINATURA (NOMES DOS AUTORES/AS) E DATA. EN CORPO 8

En corpo 10, parágrafo de apertura para captar a atención. Conterá algo disto: a revelación de algo oculto na noticia, a narración dun caso persoal, algunha suposición intrigante, unha anécdota que ilustre o tema...)

Pé de foto en corpo 8

Desenvolvemento dos feitos en varios parágrafos. Presentaremos ordenadamente o contido, combinando feitos e datos (do como e do porqué, fundamentalmente) con declaracións de entidades ou persoas implicadas.
Estas citas introducirémolas empregando, se é preciso, un marcador textual e usando as comiñas ou aspas ("...") ao tempo que indicamos quen é o autor. Por exemplo:
".....", sinala / matiza / lembra / explica / indica / recomenda / expón / asegura... tal persoa. Ou: *A ese respecto, tal persoa afirma / sostén / revela / advirte / demanda / esixe / descóbrenos / aconsella que "....."* .
Incluiremos valoracións propias con recursos de modalización e cunha linguaxe expresiva (con comparacións, adxectivos valorativos...).

Título do primeiro apartado ou ventá. En corpo 12

Contido deste aspecto

Título do segundo apartado ou ventá. En corpo 12

Contido deste aspecto

Parágrafo de peche que conecte coa idea central: unha conclusión, unha proposta...

[Pódense incluír varias ventás ao final con fragmentos das entrevistas]

NOME DA PERSOA 1, identificación	NOME DA PERSOA 2, identificación	NOME DA PERSOA 3, identificación
Pregunta Resposta **Pregunta** Resposta	**Pregunta** Resposta **Pregunta** Resposta	**Pregunta** Resposta **Pregunta** Resposta

REVISIÓN do borrador da reportaxe

- Atendestes o contexto no que se produciron os feitos, as consecuencias do que aconteceu ou distintas perspectivas sobre o que pasou?

- Tomastes información de persoas participantes ou interesadas nos feitos?

- Axustastes e resaltastes tipograficamente o titular e a entrada (lead)?

- Recollestes na entrada (lead) algunhas cuestións básicas (que, quen, onde, cando, como e por que) ou ben declaracións de persoas participantes nos feitos?

- Intentastes chamar a atención dos lectores no comezo do corpo da reportaxe?

- Combinastes información esencial (datos) e complementaria (descricións, declaracións), alternándoas para manter o interese?

- Incluístes valoracións propias sobre os feitos? Botastes man dalgúns recursos expresivos?

- Creastes apartados con títulos ou ventás para resaltar diversos aspectos e facilitar a lectura?

- Achegastes abundante material gráfico, como mínimo unha imaxe con pé?

- Empregastes un léxico axeitado e variado, evitando repeticións innecesarias?

- O texto está ben enfiado, con marcadores adecuados e oracións non longas?

- A expresión é correcta? Aplicastes un corrector ortográfico?